



Concello de Arbo

Expediente Gestiona: 11/2024

Procedemento: Contratación do "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL", tras concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Investimentos.

Importe do orzamento base de licitación do contrato de subministro: 51.425,00 € (IVE incluído do 21% que ascende a 8.925,00 €)

Documento: Certificación existencia de crédito

CERTIFICACIÓN DE EXISTENCIA DE CREDITO

PATRICIA HERNANDEZ ESTEVEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONCELLO DE ARBO.

En cumprimento da Resolución de Alcaldía nº 220/2024 de data 03.05.2024, pola que se inicia o expediente para a **Contratación do "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL"**, tras concesión de subvención pola Deputación Provincial de Pontevedra ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Investimentos, para o financiamento da adquisición do equipamento do centro social do Concello de Arbo, e aos efectos de determinar a existencia de crédito para contratar, emítase o seguinte **CERTIFICADO**:

Que existe crédito suficiente na aplicación orzamentaria 231.625 para a contratación do **SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO DE SALÓN SOCIAL E COCIÑA PARA CENTRO SOCIAL**, no orzamentos prorrogado cara o exercicio 2024, tras modificación de crédito nº 16/2024, na modalidade de xeración de crédito nº 10/2024, aprobada por Resolución de Alcaldía nº 199/2024 de 18.04.2024.

Do mesmo xeito, atópase previsto no anexo de investimentos do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024, na aplicación orzamentaria 231.625, tras modificación do anexo de investimentos tras a modificación de crédito tramitada ao efecto de conformidade coa base 13ª das de execución do orzamento prorrogado cara o exercicio 2024, segundo o seguinte detalle:

Código proxecto	Aplicación Orzamentaria	Denominación investimento	Orzamento total	Transferencia de Capital	Recursos propios Concello
2024/0008	231.625	Subministro e Instalación de Equipamento de Salón e Cocina para Centro Social: Plan + provincia 2024: liña 1: Investimentos	52.877,00	52.877,00	0,00 €

Ademais, existe compromiso firme de achega do 100% do subministro do equipamento en virtude de Resolución Presidencial da Deputación Provincial de Pontevedra de 16.04.2024, ditada ao abeiro do Plan + Provincia 2024: Liña 1: Investimentos, no importe de 52.877,00 €, coa seguinte distribución:

*Orzamento de execución por contrata do subministro e instalación: 51.425,00 € (IVE 21% incluído)

*Honorarios de redacción da memoria técnica avaliada: 1.452,00 € (IVE 21% incluído)

E para que así conste, ós efectos procedentes, expido a presente, de orde e co Vº e Pª do Sr. Alcalde

O alcalde do Concello de Arbo. Horacio Gil Expósito. Sinatura dixital á marxe.

A Secretaria-Interventora. Patricia Hernández Estévez. Sinatura dixital á marxe.

